

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio


de data **09 XAN. 2018**

 A xefa do servizo de Planificación
Urbanística III


Lucía Linares Yáñez

ANEXO V DA MEMORIA. CUMPRIMENTACIÓN DOS INFORMES SECTORIAIS

DILIXENCIA. - Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaria do Concello de Frades.


Asdo.: Carmen Gómez Otero.



RESUMO DOS INFORMES SECTORIAIS EMITIDOS DURANTE O PERÍODO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO E A SÚA INCORPORACIÓN NO PXOM

TIPO DE DOCUMENTO	ORGANISMO	RECEPCIÓN	RESUMO	MODIFICACIÓNS ADOPTADAS
AUDIENCIA	CONCELLO DE ORDES	30/07/2012		
AUDIENCIA	CONCELLO DE MESÍA	02/08/2012	O Concello de Mesía indica a non concorrencia do límite municipal plasmado no PXOM de Frades co que figura no vixente PXOM do concello de Mesía.	Ó respecto deste escrito infórmase que o límite municipal que figura no PXOM de Frades foi trasladado dende a cartografía oficial do Instituto Xeográfico Nacional. Tendo en conta esta cuestión non procede realizar ningunha modificación no PXOM de Frades.
AUDIENCIA	CONCELLO DE BOIMORTO			
AUDIENCIA	CONCELLO DE ARZÚA			
AUDIENCIA	CONCELLO DE O PINO			
AUDIENCIA	CONCELLO DE OROSO			
CONSULTA E INFORME SECTORIAL	MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO. SECRETARÍA DE ESTADO DE TELECOMUNICACIÓNS E PARA A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN.	13/09/2012	Solicítase a actualización dos preceptos que figuran na normativa do PXOM.	Actualízanse os preceptos que figuran na normativa do PXOM.
CONSULTA E INFORME SECTORIAL	MINISTERIO DE FOMENTO. DIRECCIÓN XERAL DE ESTRADAS. DEMARCACIÓN DE ESTRADAS DO ESTADO EN GALICIA	24/08/2012	<p>Informa favorablemente coas seguintes condicións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Condicionar o desenvolvemento do sector S-02 á reordenación dos accesos existentes e á clasificación na marxe contraria da estrada de solo suficiente para a realización do enlace. - Supeditar á autorización do Ministerio de Fomento o deseño e emprazamento do enlace do S-02 - Modificar o artigo 3.5.8. da normativa estendendo o solo rústico de protección de infraestruturas á antiga N-634. - Modificar o artigo 3.6.5. no referente ós peches. - Modificar a normativa excluindo da necesidade de autorización da Xunta de Galicia de obras como desbroces, bacheos, repintados, etc. - Modificar a normativa referenciando o PXOM ó indicado no artigo 198.1 da Lei 9/2002. 	<ul style="list-style-type: none"> - No ámbito do S-02 clasifícase solo rústico do lado contrario da estrada nacional en superficie suficiente para a execución do enlace. - Supeditase a execución do enlace á resolución do Ministerio de Fomento e á reordenación dos accesos existentes. - Modifícase o artigo 3.5.8. da normativa no referente. Non obstante o réxime do solo rústico non pode estenderse ó tramo entre alifaciós non solo urbano de Ponte Carreira, por constituír o solo urbano unha clasificación urbanística reglada. - Modifícase o artigo 3.6.5. da normativa do PXOM no referente á posición dos peches. - Exclúense da obriga de solicitude de autorización da Xunta en contornos catalogados, para as obras de conservación das estradas. - Referéncianse ó artigo 198.1 as obras sometidas a licenza municipal.
CONSULTA E INFORME SECTORIAL	MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO	19/07/2012	Informa favorablemente	
CONSULTA E INFORME SECTORIAL	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.			
CONSULTA E INFORME SECTORIAL	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS.	05/10/2012	<p>Informa favorablemente coas seguintes condicións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Modificar a ficha do solo urbanizable S-01 indicando a adaptación do enlace á normativa vixente en materia de enlaces. 	Modifícase a ficha do sector S-01
CONSULTA E INFORME SECTORIAL	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS.	21/10/2014	Informa favorablemente o documento adaptado á Lei 8/2013 de estradas de Galicia	
CONSULTA E INFORME SECTORIAL	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL. SERVIZO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS			
CONSULTA E INFORME SECTORIAL	CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL. DIRECCIÓN XERAL DE MONTES			
CONSULTA E INFORME SECTORIAL	CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO. DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL		<p>Informe con resolución desfavorable indicando as seguintes cuestións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Solicítase incluír como elementos protexidos unha serie de elementos que se citan. - Solicítase modificar a estrutura e contido das fichas dos diferentes elementos. - Solicítase modificar o ámbito de protección de diferentes elementos. - Solicítase a modificación da normativa no referente ós graos de protección, obras permitidas conforme ó nivel de protección, aspectos concretos da regulación de usos, edificación e tramitación e ordenanzas do solo de núcleo rural. - Modificar dous erros detectados no catálogo arqueolóxico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Inclúense no catálogo os elementos que se citan. - Modifícase a estrutura e contido das fichas. - Modifícase o ámbito de protección de diferentes elementos. - Modifícanse os aspectos normativos solicitados. - Modifícanse os erros detectados no catálogo arqueolóxico.
CONSULTA DE RECURSOS HÍDRICOS	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS. AUGAS DE GALICIA	12/09/2012	As dotacións existentes e previstas considéranse suficientes para o desenvolvemento do PXOM	
INFORME SECTORIAL	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS. AUGAS DE GALICIA	12/09/2012	<ul style="list-style-type: none"> - Solicítase a actualización normativa de diferentes preceptos da Lei de Augas e do RDPH recollidos na normativa do PXOM. - Solicítase contemplar unha distancia mínima das edificacións e peches de parcela ó dominio público hidráulico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Modifícase a normativa do PXOM. - Recóllese a limitación de distancia de 15 m ó DPH para todas as edificacións en solo rústico en ríos catalogados
CONSULTA EMISIÓNS RESIDUOS E RUIDOS	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS. SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL. SUBDIRECCIÓN XERAL DE AVALIACIÓN AMBIENTAL			
CONSULTA DE ESPAZOS PROTEXIDOS	CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL. DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA	23/03/2013	<p>Solicítase:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Incluír no PXOM a ampliación da Rede Natura 2000 no LIC do río Tambre e darlle o tratamento axeitado. - Incluír os hábitats prioritarios e darlles o tratamento axeitado. - Ter en conta a especie ameazada Tetrax Tetrax 	<ul style="list-style-type: none"> - Inclúese no PXOM a ampliación do LIC Río Tambre da Rede Natura 2000 e clasifícase como solo rústico de especial protección de espazos naturais. - Inclúense un plano de hábitats prioritarios e non prioritarios outorgándolles a clasificación axeitada. - A zona de aparición da Tetrax Tetrax clasifícase como solo rústico.
CONSULTA	DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA			
CONSULTA	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.			
CONSULTA	CONSELLERÍA DE FACENDA. SECRETARÍA XERAL DO PATRIMONIO	30/07/2012	Informa favorablemente	
CONSULTA	CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA. SECRETARÍA XERAL			
CONSULTA	CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA. DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL			
CONSULTA	CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA. SECRETARÍA XERAL			
CONSULTA	CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA. DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS			
CONSULTA	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. SECRETARÍA XERAL			
CONSULTA	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. DIRECCIÓN XERAL DE INDUSTRIA, ENERXÍA E MINAS	09/08/2012	Remite información sobre os dereitos mineiros existentes no termo municipal de Frades	Recóllese no plano de información urbanística I-21 os dereitos mineiros presentes no concello.
CONSULTA	CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR SOCIAL. SECRETARÍA XERAL			
CONSULTA	CONSELLERÍA DE SANIDADE. SECRETARÍA XERAL			
CONSULTA	PRESIDENCIA. SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE			
CONSULTA	PRESIDENCIA. SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA			
CONSULTA	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL. SECRETARÍA XERAL			
CONSULTA	MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA. XERANCIA REXIONAL DO CATASTRO			
CONSULTA	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS. SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL.			
CONSULTA	DIRECCIÓN XERAL DE SOSTIBILIDADE E PAISAXE			
CONSULTA	DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE			
CONSULTA	MINISTERIO DE DEFENSA. DELEGACIÓN DE DEFENSA NA CORUÑA	03/07/2012	Informa favorablemente	

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data **09 XAN. 2018**



A xefa do servizo de Planificación Urbanística III

DILIXENCIA. Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo.: *Carmen Gómez Otero.*



CONSULTA	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL. DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL. SUBDIRECCIÓN XERAL DE INFRAESTRUCTURAS AGRARIAS			
CONSULTA	FEDERACIÓN ECOLOXISTA GALEGA			
CONSULTA	ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALICIA			
CONSULTA	ASOCIACIÓN ECOLOXISTA AMIGOSA DA TERRA			
CONSULTA	CÁMARA OFICIAL MINEIRA	27/07/2012	Solicítase - Incluír dentro do PXOM os datos de explotacións que figuran no Censo Catastral Mineiro de Galicia. - Que se inclúa no PXOM a referencia ás actividades mineiras presentes no concello así como a lexislación relativa ó sector.	- Incluíse nos planos de información urbanística un cos dereitos mineiros presentes no concello de Frades. - Incluíse no PXOM a normativa reguladora da actividade mineira.
CONSULTA	COOPERATIVA CENTRAL DE FRADES			
CONSULTA	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS: RÍO MARUZO, OS PASOS, RÍO SAMO, OS LABREGOS DE ABELLÁ, STA. MARÍA DE PAPUCÍN, REXENTE E S. MARTÍN DE FRADES			
CONSULTA	ASOCIACIÓN CULTURAS: O PEDROUZO, CAMPO DA FEIRA, CULTURAL OS REICEIROS, CULTURAL RUTURAL DE AÑÁ E FOLCLÓRICA SEMENTEIRA			
CONSULTA	ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE ORDES			
CONSULTA	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO	09/08/2012	Emite informe favorable.	
CONSULTA	INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO	16/05/2014	Indica unha serie de cuestións a ter en conta no documento que se está a tramitar: - Completar a análise da paisaxe que figura no ISA - Indicar no ISA medidas preventivas ou correctoras para mitigar os impactos da ordenación sobre a paisaxe. - Introducir nas ordenanzas de solo rústico condicións de integración paisaxística das construcións. - Introducir na regulación dos plans especiais de ordenación do núcleo rural a obriga de realizar estudos da morfoloxía e características do núcleo ó que se refire. - Modificar certos aspectos da ordenación do solo urbano. - Introducir condicionantes de integración paisaxística na ordenación dos dous sectores de solo urbanizable.	- Modifícase o ISA no referente á realización dun estudo da paisaxe máis detallado. - Recóllense no ISA as medidas preventivas e correctoras para mitigar os impactos da ordenación na paisaxe. - Modifícanse as ordenanzas de solo rústico. - Introdúcense regulacións especiais para os plans de ordenación do núcleo rural. - Modifícase a ordenación do solo urbano. - Introdúcense condicionantes de integración paisaxística no desenvolvemento dos sectores de solo urbanizable.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data **09 XAN. 2018**



A xefa do servizo de Planificación
Urbanística III

Lucía Linares Yáñez
Lucía Linares Yáñez

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaría do Concello de Frades.

Asco.: Carmen Gómez Otero.



XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data **09 XAN. 2018**



A xefa do servizo de Planificación
Urbanística III


Lucía Linares Yáñez

DILIXENCIA.- Para facer constar que o
presente documento forma parte do PXOM
de Frades aprobado provisionalmente por
este Concello en Sesión Plenaria celebrada
o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaria do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero.







ORDE DO 10 DE XULLO DE 2017 SOBRE A APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE FRADES (A CORUÑA).

Con data 19/04/2017 e 03/05/2017, o Concello de Frades remite documentación complementaria ao PXOM, atendendo ao requirimento de integridade documental da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 01/04/2016, no trámite de aprobación definitiva, ao abeiro do artigo 85.7 da lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), en virtude da disposición transitoria 2ª.1 da lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

Examinada a documentación redactada por Estudio Técnico Gallego S.A.; e vista a proposta literal que nesta mesma data eleva a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, resulta:

I. ANTECEDENTES

Planeamento municipal vixente

O Concello de Frades carece de planeamento urbanístico municipal, polo que lle son de aplicación as normas complementarias e subsidiarias de planeamento provincial. O núcleo rural da Fraga (Santaia de Moar) conta cunha delimitación de solo aprobada definitivamente o 03/12/2012 (DOG 27/03/2013)

Tramitación

1. Con data 15/04/2010 a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emite informe previo á aprobación inicial, de conformidade co disposto no art. 85.1 da LOUG. Posteriormente, con data 12/09/2011, emitiuse novo informe.
2. Acordo plenario de Aprobación inicial do PXOM de data 03/04/2012, con informes favorables do técnico municipal e da secretaria interventora do 10/06/2011, respecto á conformidade do PXOM co artigo 61 da lei 9/2002.
3. O PXOM sométese a información pública durante dous meses mediante anuncios no DOG de 28/05/2012, na Voz de Galicia do 11/04/2012 e El Correo Gallego do 10/04/2012. Deuse audiencia aos concellos limítrofes de Oroso, O Pino, Arzúa, Boimorto, Mesía e Ordes. O concello de Mesía alega erros na delimitación entre concellos, en datas 01/08/2012 e 23.06.2016; o concello de Frades acepta a adaptación ao límite do Instituto Xeográfico Nacional (IGN), notificando o 30.07.2017. Con data 19.05.2016 recíbese nova alegación de Mesía; que non é estimada por ser máis discrepante co límite do IGN. Notifícase ao concello de Mesía o 03.04.2017.
4. En cumprimento da lexislación sectorial solicitáronse e emitíronse informes de:
 - en materia de estradas:
 - DX Infraestruturas: informe favorable condicionado do 05/10/2012.
 - Servizo de Vías e Obras da Deputación: solicitado o 12/07/2012; non emitido.
 - Demarcación de Carreteras: informe favorable, con modificacións, de 21/08/2012.
 - en materia de telecomunicacións:
 - Secretaría de Estado de Telecomunicaciones: 19/10/2016, informe favorable.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data **09 XAN. 2018**
A xefa do servizo de Planificación
Urbanística II
Lucía Linares Yáñez



- en materia de patrimonio cultural:
 - DX do Patrimonio Cultural: informe favorable condicionado de data 23/12/2015.
- en materia de augas:
 - Augas de Galicia: informe favorable condicionado de 10/09/2012.
- en materia de montes e prevención de incendios forestais:
 - Cº Medio Rural, DX de Montes: informe non emitido. Solicitado o 11/07/2012.
 - Cº Medio Rural, Servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais: informe non emitido. Solicitado o 12/07/2012.
- en materia de conservación da natureza:
 - DX de Conservación da Natureza: informe favorable condicionado de 20/03/2013.
- en materia ambiental:
 - CMATI, SX de Calidade e Avaliación Ambiental, no informe sobre a calidade do Informe de Sostibilidade Ambiental de 09/05/2012, insta a adecuar o PXOM ao Documento de Referencia.
- en materia de ordenación do territorio:
 - IET: informe de 05/05/2014, requirindo completar o estudo da paisaxe, a análise dos efectos, as medidas preventivas ou correctoras, e a ordenación urbanística.
- en materia de minas y pirotecnia:
 - Servizo de enerxía e minas: informe sobre dereitos mineiros de 02/08/2012.
 - Ministerio de Enerxía, Turismo y Agenda Digital: informe sobre artigos pirotécnicos e cartuxaría do 14/12/2016.
- en materia de prevención de riscos:
 - Cº de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: informe da DX de Emerxencias e Interior, respecto da avaliación dos riscos, de 25/08/2016.
- en materia de economía:
 - DX de Comercio: informe favorable de 08/06/2012.
- en materia de patrimonio público:
 - Consellería de Facenda, SXT e do Patrimonio: informe favorable de 20/07/2012 na aprobación inicial; e do 16/09/2016 respecto da aprobación provisional.
 - Mº de Defensa: informe favorable de 31/07/2012.
- 5. A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental resolveu aprobar a Memoria Ambiental do procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica do PXOM en data 28/01/2016.
- 6. Aprobación provisional por acordo plenario do 10/02/2016, previos informes do técnico municipal do 08/07/2016 e da secretaria-interventora do 04/02/2016, respecto da calidade técnica da proposta e da conformidade coa lexislación vixente.

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaría do Concello de Frades.
Asdo. Carmen Gómez Otero.





7. Con data 10/03/2016, solicitouse a aprobación definitiva, de acordo coa disposición transitoria 2ª.1 da lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), continuando a tramitación segundo o procedemento disposto na LOUG.

II. ANÁLISE E CONSIDERACIÓNS

II.1. INFORMES SECTORIAIS

No relativo ao requirido respecto do tramo desdoblado da N-634, os planos non recollen como solo rústico de protección de infraestruturas a vella N-634. Cómpre a modificación ou, de ser o caso, a xustificación da titularidade municipal do tramo completo.

II.2. MODELO TERRITORIAL E A ESTRUTURA XERAL E ORGÁNICA

Conforme aos fins e consideracións xerais contidos nos artigos 4 e 52 da LOUG e da determinación 3.1 das Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), resulta:

a) Capacidade residencial do plan

Segundo o Instituto Galego de Estatística, a poboación de Frades (2.648 hab en 2010), é regresiva. O plan determina, para un horizonte de 20 anos, unha previsión de 163 novas vivendas no solo urbano, suprimíndose as previsións de solo urbanizable residencial. Actualmente no solo urbano hai 65 vivendas, o que deberá considerarse en atención á delimitación do solo urbano consolidado, que se axustará aos criterios legais establecidos.

En solo de núcleo rural a estimación de novas vivendas é de 205, no suposto dun 70% de colmatación do solo delimitado. Deberán reconsiderarse as parcelas baleiras na periferia.

b) Modelo territorial

Non se xustifica adecuadamente a necesidade de ocupación de terreos non edificadas, ocupados por parcelas agrícolas e desligados do entramado xa urbanizado.

O término municipal axustarase ao límite oficial do Instituto Xeográfico Nacional (IGN).

II.3. CLASIFICACIÓN E DETERMINACIÓNS DO SOLO

II.3.1. SOLO URBANO

Non quedan acreditadas as circunstancias do artigo 11 da LOUG nos terreos delimitados ao oeste da N-634, desligados do urdido urbanístico existente. A simple continuidade da rúa do Ensino, entre os núcleos de Ponte Carreira e A Igrexa (06.05) non constitúe malla urbana nos termos do artigo 11.2 LOUG e a delimitación proposta produciría un conxunto indiferenciado, incumprindo a determinación excluínte 3.1.11. das DOT.

II.3.2. SOLO URBANIZABLE

Considerando a proposta dun novo desenvolvemento industrial no S-01, non se xustifica a dimensión do S-02. O plan deberá incorporar un estudo que xustifique a capacidade das infraestruturas existentes e as medidas para atender as necesidades xeradas, establecendo as características, dimensións e capacidade mínima das infraestruturas e servizos necesarios para o desenvolvemento do sector (art. 57.1.d LOUG).

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Consellería
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

09 XAN. 2018

A xefa do servizo de Planificación
Urbanística III

Lucía Linares Yáñez



II.3.3. SOLO DE NÚCLEO RURAL

a) Cálculo da consolidación

Para a xustificación da consolidación dos núcleos rurais emprégase o método gráfico, recollido na Instrución 4/2011 da Cª de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Deberá revisarse o cálculo incluíndo como parcelas edificables aquelas que a normativa do PXOM prevé excepcionalmente do cumprimento de parámetros: núcleos de Marís (01.17), A Igrexa (02.05), A Carballeira (03.03), San Mauro (05.06), Pazo-A Ponte (07.05), Pedreira de Riba (10.14), Vimieiro (11.15).

Sendo que tanto as parcelas vacantes como as edificadas poderían ser segregadas de forma distinta á proposta, en aplicación das ordenanzas, non se cumpre a consolidación nos núcleos: Carballal (01.06), O Fontao (01.12), O Pazo (01.18), Moar (10.12), A Pedreira de Abaixo-A Pedreira do Medio (10.13), A Pedreira de Riba (10.14) e A Igrexa (11.08).

b) Delimitación

- Prodúcese un crecemento impropio, ocupando terreos vacantes na periferia dos núcleos comúns nos casos de: O Ar (01.01), O Carballal (01.06), Corralvello (01.10), Fondevila (01.11), O Peñasco (01.19), Sobre dos Campos (01.23), A Taberna-Tumbadoiro (01.24), Vedral (01.26), Fonsá (02.03), O Fontelo (02.04), Tarrentos (03.12), O Vilar (04.09), Currás (06.04), O Vilar (06.10), Pazo-A Ponte (07.05), Vista Alegre (07.07), As Costas (08.02), As Quintas (08.08), Cimadevila (10.05), A Fraga (10.08), A Garabanxa (10.10), Moar (10.12), A Pedreira de Abaixo- Pedreira do Medio (10.13), A Pedreira de Riba (10.14), O Carballal (11.02), A Figueira (11.06), Pomariño -O Monte (11.12), Vimieiro (11.15) O Campo (12.02) e O Casal (12.03).

- Danse delimitacións impropias, fusionando núcleos ou provocando desenvolvementos ao longo de estradas, nos núcleos de: Fontao (01.12), Sobre dos Campos (01.23), Tañoi (01.25), Vedral (01.26), Fonsá (02.03), O Fontelo (02.04), A Torre (02.10), Añá de Meus (03.01), A Carballeira (03.03), Campodouro (04.04), Os Fernandes (05.02), San Mauro (05.06), A Carballeira (06.02), Currás (06.04), As Lapelas (06.06), O Vilar (06.10), Pazo-A Ponte (07.05), As Costas (08.02), O Castiñeiro Redondo (10.04), Moar (10.12), A Pedreira de Riba (10.14), O Seixo (10.16) e Os Loureiros (12.07).

c) Outras consideracións

Segundo os planos de catastro, as parcelas afectadas polo novo viario de Fonsá (02.03) son de titularidade privada, e non se establecen determinacións para a súa obtención.

II.4. CUESTIÓNS DOCUMENTAIS

No plano I-14, rede xeral de infraestruturas municipais non están correctamente recollidas as estradas provinciais CP-3802 e DP-3801.

Os planos de Análise do modelo de asentamento poboacional e Ordenación dos núcleos rurais para o núcleo de As Costas (08.02) non abranguen a totalidade.

Segundo a Memoria, no núcleo de Tarrentos (03.12) hai un espazo libre local (ELL-03), Campo da festa, e no plano aparece recollido como SCL-03.

Na normativa do solo urbano, no artigo 5.4.4, comercio, non se sabe que é un establecemento de clase d).

DILIXENCIA.- Para facer constar que un presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaría do Concello de Frades.
Asdo.: Carmen Gómez Otero.





O Plan debe incorporar as determinacións xerais precisas para o tratamento e xestión de residuos sólidos urbanos e agrícolas, con independencia do seu desenvolvemento a través dos plans específicos previstos nos artigos 4.3.3 e 4.3.4.

A competencia para resolver sobre a aprobación definitiva do planeamento xeral corresponde á Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de conformidade co disposto nos artigos 89 e 93.4 da LOUG; e no artigo 4 do Decreto 167/2015, de 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da CMAOT, en relación co artigo 3 e coas disposicións adicional 10ª e transitoria 2ª do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia.

III. RESOLUCIÓN

En consecuencia, e de conformidade co establecido no artigo 85.7.b) da LOUG, RESOLVO:

- 1º. Non outorgar a aprobación definitiva ao Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Frades (A Coruña).
- 2º. O Concello deberá redactar os documentos modificados precisos para emendar as deficiencias sinaladas no apartado II desta Orde; e os elevará, logo dos trámites oportunos, ante esta Consellería para a súa aprobación definitiva.
- 3º. Contra esta Orde cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán dende o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa.
- 4º. Notifíquese esta Orde ao Concello.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2017

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO


Beatriz Mato Otero

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data **09 XAN. 2018**



A xefa do servizo de Planificación
Urbanística III


Lucía Linares Yáñez

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaría do Concello de Frades.


Asdo.: Carmen Gomez Otero.



XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data **09 XAN. 2018**



A xefa do servizo de Planificación
Urbanística II)

Lucía Linares Yáñez

Lucía Linares Yáñez

ANEXO VII DA MEMORIA. CUMPRIMENTACIÓN DA ORDE DE 10 DE XULLO DE 2017 DA

C.M.A.O.T.

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaria do Concello de Frades.

Carmen Gómez Otero
Asdo.: Carmen Gómez Otero.



INFORME DE CUMPRIMENTACIÓN DA ORDE DA C.M.A.O.T. DO 10 DE XULLO DE 2017 SOBRE A APROBACIÓN DEFINITIVA DO PXOM DE FRADES.

Con data de 10 de xullo de 2017 foi emitida a Orde que figura no encabezado do presente informe. Nela resólvese non outorgar aprobación definitiva ó PXOM de Frades, indicando unha serie de condicionantes e modificacións a introducir no documento que se está a tramitar para poder proceder á súa aprobación definitiva.

No presente informe indícase cómo foron cumprimentados os aspectos referidos na Orde arriba indicada. A cumprimentación das cuestións indicadas realízase seguindo os mesmos apartados do escrito orixinal:

II.1. INFORMES SECTORIAIS

Procede clasificar como solo rústico de protección de infraestruturas a liña de afección da antiga estrada N-634 ó seu paso por Pontecarreira, excluídos os terreos clasificados como solo urbano e de núcleo rural.

II.2. MODELO TERRITORIAL E ESTRUCTURA XERAL E ORGÁNICA

a) Capacidade residencial do plan

Con base ó indicado na Orde redúcese o ámbito de solo urbano e elimínanse as parcelas vacantes existentes na periferia dos núcleos rurais.

b) Modelo territorial

Redúcese a delimitación dos núcleos rurais e do solo urbanizable para axustar a necesidade de ocupación de terreos non edificadas, ocupados por parcelas agrícolas desligados do entramado xa urbanizado.

Por outra banda o límite municipal adáptase ó oficial do instituto xeográfico nacional. Nas zonas dúbidasas recorreuse ás minutas cartográficas elaboradas por este organismo nos anos 40 e 50.

II.3. CLASIFICACIÓN E DETERMINACIÓNS DO SOLO

III.3.1 Solo urbano

Procede eliminar do solo urbano os terreos ó oeste da N-634, desligados, segundo o indicado na Orde, do urdido urbanístico existente.

Non obstante dada a colindancia desta zona co núcleo rural da Igrexa, así como a existencia de varias edificacións de vivenda unifamiliar, procede reclasificar parte dos terreos urbanos a solo de núcleo rural, cumprindo as especificacións do disposto no artigo 13 da LOUPMRG.

Con esta opción se elimina tamén o conxunto indiferenciado de solo urbano e núcleo rural que se producía no encontro de Pontecarreira coa Igrexa.

II.3.2. Solo urbanizable

Procede reducir a superficie de solo urbanizable do sector S-02

Por outra banda inclúese un estudo que xustifique a capacidade das infraestruturas existentes e as medidas para atender as necesidades xeradas. Esta cuestión xa estaba incorporada no apartado 3.3.1.6., aínda que procede un desenvolvemento máis pormenorizado, co seguinte teor literal:

Capacidade dos sistemas xerais:

Sistema xeral viario.

Tanto o sector S-01 como o S-02 lindan con estradas de capacidade suficiente para os desenvolvementos previstos. O primeiro linda coa estrada da rede autonómica primaria básica AC-524 de Ordes a Lanza. A sección é axeitada para o tráfico pesado, tanto por ancho como por trazado, foi mellorada en varias ocasións e ten unha IMD (arredor de 3.000 vehículos/día) suficientemente baixa como para acoller os novos usos pretendidos.

A intensidade de servizo para unha estrada de dous carrís e determinada velocidade media vendada pola seguinte fórmula ¹:

$$I_{Si} = 2800 \times (I/c)_i \times fR \times fA \times fL \times fVP$$

onde:

I_{Si} = intensidade de servizo para o nivel ou velocidade i , total da calzada, para as condicións prevalentes da vía e da circulación [v/h].

$(I/c)_i$ = relación intensidade/capacidade para o nivel de servizo i , ou para a velocidade i .

fR = factor de axuste para o reparto por sentidos de circulación.

fA = factor de axuste para carrís e beiravías estreitos.

fL = factor de axuste para valorar os efectos das ramplas sobre a circulación de vehículos lixeiros.

fVP = factor de axuste pola presenza de vehículos pesados na circulación.

Aplicando esta fórmula, obtense unha capacidade total da estrada AC-524 de 870 vehículos á hora, que son 20.880 vehículos ó día.

Por outra banda, haberá que calcular o tráfico que aportaría a actividade industrial do sector á estrada. Aplicando estimacións de tráfico medio para usos industriais, que sitúan os valores aplicables en 1,6 camiões cada 1.000 m² de uso industrial e día, e 6 turismos cada 1.000 m² de

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data 09 XAN. 2018



A xefa do servizo de Planificación
Urbanística II

Lucía Linares Yáñez

DILIXENCIA.- Para facer con este presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisoriamente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaría do Concello de Frades.

1
Asda.: Carmen Gómez Otero.

¹ Gardeta-Oliveros, Juan G. (trad.) & Gardeta-Oliveros, Gonzalo (trad.): Manual de capacidad de carreteras, ed. Asociación Técnica de Carreteras (Comité Español de la A.I.P.C.R.), Madrid, 1995, 2ª edición (páx. 290 e seguintes).



uso industrial e día, e tendo en conta que a superficie neta do ámbito é de 41.159 m², obtemos unha estimación de 66 camiós por día e 247 turismos, sendo o resultado total da estimación de 313 vehículos por día aportados pola actividade do ámbito.

Se sumamos a IMD da estrada AC-524 (2.953 vehículos por día) e o resultado da estimación anterior (313 vehículos por día), obtemos un resultado total de 4.266 vehículos por día, resultado considerablemente inferior á capacidade total da estrada, polo que quedaría xustificada a suficiencia da estrada AC-524, nas súas condicións actuais, para soportar os tráficoos futuros derivados da actividade industrial no sector.

O S-02 linda coa estrada da R.I.X.E. N-634 que en boa parte do seu trazado conta con carrís de servizo. Dadas as características desta vía tamén se considera con capacidade suficiente esta infraestrutura para o desenvolvemento do sector S-02.

Esta estrada ten a día de hoxe unha IMD nese punto de 5.320 vehículos.

O sector S-02 conta cunha superficie de 141.238 m². Seguindo os cálculos anteriores de desenvolvemento deste solo aportará á estrada un tráfico total de 226 vehículos pesados e 847 vehículos lixeiros ó día. A IMD por execución deste solo urbanizable aumentará, polo tanto a 6.393 vehículos.

A capacidade da estrada, segundo a fórmula anteriormente indicada ascende a 25.604 vehículos día, co que a capacidade desta infraestrutura é suficiente para o desenvolvemento do solo S-02.

Abastecemento de auga

No que respecta ó abastecemento realízanse os cálculos de necesidades a partir do disposto no plan hidrolóxico Galicia-Costa.

Segundo o apéndice 6 da normativa deste plan a dotación de solos urbanizables de uso industrial pode avaliarse entre 2,16 e 8,64 l/m²/día. En polígonos industriais comerciais, de almacenamento, oficinas e pequena empresa aconséllase usar o valor de 2,16 l/m²/día (equivalentes a 0,25 l/sg/Ha).

Aplicadas estas dotacións sobre as superficies dos solos urbanizables propostos dá as seguintes necesidades infraestruturais:

S-01: 88,9 m³/día (1,03 l/sg)

S-02: 305,07 m³/día (3,53 l/sg)

Partindo dunha dotación de 210 l/hab/día (segundo o plan hidrolóxico Galicia-Costa) o abastecemento destes dous polígonos suporía unha poboación de 1.876 habitantes equivalentes.

Segundo o indicado no apartado 2.13.2.1., a rede de abastecemento de auga ten capacidade para 6.500 habitantes e a día de hoxe está conxestionada unha poboación potencial de 1.921 habitantes.

Segundo as previsións de crecemento indicadas no apartado 3.3.1.8. da presente memoria, nos núcleos rurais das parroquias conxestionadas á rede de abastecemento (Abellá, Mesos, Papucín, Galegos, Frades, Aiazo, Gafoi e Ledoira) levaranse a cabo, durante o período de vixencia do PXOM, un total de 127 nova vivendas, o que dá unha poboación equivalente de 317 novos

habitantes. No solo urbano, no mesmo apartado da memoria estímase a execución de 129 novas vivendas, equivalentes a 322 novos habitantes.

A teito de planeamento o PXOM contará cunha capacidade por usos residenciais de 2.515 habitantes equivalentes.

Á vista deste cálculos considérase que os sistema de saneamento resulta suficiente para o desenvolvemento dos solos urbanizables de uso industrial previstos.

Colectores de abastecemento: No caso do sector S-01 o colector xeral pasa por diante do ámbito co que non é necesario máis que realizar a conexión con el. No caso do sector S-02 executarase con cargo a este desenvolvemento o colector dende a rede xeral de abastecemento. Neste caso será necesario executar un colector de diámetro 110 dende o sector ata o colector xeral á altura de Sibio, cunha lonxitude total aproximada de 1.400 m.

Saneamento

No tocante ó saneamento compre indicar que no contorno do sector S-01 non existe saneamento, motivo polo cal correrá a cargo do desenvolvemento do ámbito a execución dunha Estación

Depuradora con capacidade suficiente para o desenvolvemento do ámbito. A capacidade da EDAR será como mínimo de 423 habitantes equivalentes.

Por outra banda tamén correrá a cargo do desenvolvemento deste ámbito a execución do colector ata a estación depuradora. Estímase unha lonxitude de 450 m e un diámetro mínimo de 315 mm..

O sector S-02, no que fai ó saneamento, está nas mesmas condicións que o anterior, tendo tamén que executar con cargo ó seu desenvolvemento a estación depuradora e o colector de conexión do ámbito con esta. A EDAR terá unha capacidade mínima de 1.453 habitantes equivalentes, e o colector unha lonxitude aproximada de 750 m e un diámetro mínimo de 400 mm.

Subministración eléctrica

A demanda eléctrica do sector S-01 estímase a continuación:

Uso	Edificabilidade/superficie (m ²)	Previsión de consumo (VA/m ²)	Consumo total (kVA)
Industria	24.695	47,06	1.162
Equipamento público	823	37,65	31
Servizos urbanísticos	300	37,65	11
Vías e aparcamentos	10.290	1,75	18
TOTAL			1.222

Polo límite oeste do sector discorre a liña de alta tensión Mesón do Vento/Portodemouros. Polo norte e oeste discorren liñas de media tensión da empresa UDESA. Serán a compañías subministradoras as que, no momento de execución do solo urbanizable, indiquen as condicións de conexión á rede xeral en función das condicións que concorran nese momento concreto.

A demanda eléctrica do sector S-02 estímase a continuación:

Uso	Edificabilidade/superficie (m ²)	Previsión de consumo (VA/m ²)	Consumo total (kVA)
Industria	84.743	47,06	3.988
Equipamento público	2.825	37,65	106
Servizos urbanísticos	1.000	37,65	38
Vías e aparcamentos	35.310	1,75	62
TOTAL			4.194

XUNTA DE GALICIA

Aprobado definitivamente por Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data 09 XAN. 2018

A xefa do servizo de Planificación Urbanística II

Lucía Linares Yáñez

DILIXENCIA.- Para facer presente este documento fórmase a EDAR do PXOM de Frades, aprobado provisoriamente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017. Frades, 18 de setembro de 2017. A Secretaria do Concello de Frades.

Asda: Carmen Gómez Otero.



A 600 m ó sureste do sector discorre a liña de media tensión POR 706 da que é titular a empresa FENOSA. Será a compañía subministradora a que, no momento de execución do solo urbanizable, indique as condicións de conexión á rede xeral en función das condicións que concorran nese momento concreto.

III.3.3. Solo de núcleo rural

a) Cálculo da consolidación

Revisase o cálculo da consolidación edificatoria polo método gráfico cos seguintes criterios: pasan a considerarse como edificables parcelas que o PXOM excepcióna do cumprimento dos parámetros de parcela mínima; revísanse as posibles segregacións de determinados núcleos en función das condicións de parcela mínima fixadas na normativa.

En concreto no primeiro dos casos revísase a consolidación dos núcleos: Marís (01.17), a Igrexa (02.05), A Carballeira (03.03), San Mauro (agora San Amaro) (05.06), Pazo-A Ponte (07.05), Pedreira de Riba (10.14) e Vimieiro (11.15).

No segundo dos casos revísase a consolidación dos núcleos: Carballal (01.016), O Fontao (01.12), O Pazo (01.18), Moar (10.12), A Pedreira de Abaixo-A Pedreira do Medio (10.13) e A Pedreira de Riba (10.14).

Con respecto ó núcleo da Igrexa compre indicar que de cara a asegurar o cumprimento da consolidación edificatoria, e tendo en conta o tamaño medio das parcelas que se inclúen no solo de núcleo rural, procede modificar na ordenanza de solo de núcleo rural, a parcela mínima a efectos de segregación.

b) Delimitacións

- Procede excluír da delimitación dos solos de núcleo rural os terreos vacantes de edificación na periferia destes nos seguintes casos: O Ar (01.01), O Carballal (01.06), Corralvello (01.10), Fondevila (01.11), O Peñasco (01.19), Sobre dos Campos (01.23), A Taberna-Tumbadoiro (01.24), Vedral (01.26), Fonsá (02.03), O Fontelo (02.04), Tarrentos (03.12), O Vilar (04.09). Currás (06.04), O Vilar (06.10), Vista Alegre (07.07), As Costas (08.02), As Quintas (08.08), Cimadevila (10.05), A Fraga (10.08), A Grabanxa (10.10), Moar (10.12), A Pedreira de Abaixo- Pedreira do Medio (10.13), A Pedreira de Riba (10.14), O Carballal (11.02), A Figueira (11.06), Pomariño -O Monte (11.12), Vimieiro (11.15), O Campo (12.02) e O Casal (12.03).

Con respecto ó núcleo de Pazo-A Ponte (07.05) apórtase xustificación de cara a conservar a delimitación proposta.

- Procede revisar as delimitacións de maneira que non se fusionen núcleos ou non se provoquen desenvolvemento ó longo das estradas nos seguintes casos: Fontao (01.12), Sobre dos Campos (01.23), Tañoio (01.25), Vedral (01.26), Fonsá (02.03), O Fontelo (02.04), A Torre (02.10), Añá de Meus (03.01), A Carballeira (03.03), Campodouro (04.04), Os Fernandes (05.02), San Mauro (05.06) (agora San Amaro), A Carballeira (06.02), Currás (06.04), As Lapelas (06.06). O Vilar

(06.10), As Costas (08.02), O Castiñeiro Redondo (10.04), Moar (10.12). A Pedreira de Riba (10.14), O Seixo (10.16) e Os Loureiros (12.07).

Con respecto ó núcleo de Pazo-A Ponte (07.05) apórtase xustificación de cara a conservar a delimitación proposta. Esta xustificación incorpórase nos apartados 3.3.1.3. e XXX co seguinte teor literal:

3.1.3. Ordenación e cuantificación das capacidades de solo de núcleo rural

(...)

- *Mención aparte merece o núcleo de Pazo-A Ponte, na parroquia de Galegos. Este núcleo foi sometido a un proceso de concentración parcelaria, Mesos-Galegos, con entrega de títulos en 1993 (data de comezo da concentración 1972). Tendo en conta que case a totalidade dos terreos que circundaban este núcleo eran propiedade do pazo de Galegos, os habitantes del, de acordo cos propietarios do pazo, solicitaron á concentración parcelaria a cesións de parte dos terreos que lle corresponderían á propiedade do pazo coa finalidade de poder edificalos. Así, a concentración parcelaria cedelles a estes propietarios, que non tiñan terras, 30 parcelas cunha superficie entre 2.000 e 2.200 m² para que puidesen levar a cabo nelas a edificación dunha vivenda. O PXOM, dada a realidade previa do proceso de concentración parcelaria opta por incluír estas parcelas da concentración parcelaria en núcleo rural, coa limitación de non poder ser segregadas en parcelas menores.*

Por outra banda estas parcelas, debido á súa superficie en comparación coas do resto do termo municipal teñen un nulo aproveitamento agrícola ou gandeiro.

3.3.1.5. Distribución das necesidades de crecemento parroquial e xustificación da extensión das delimitacións do núcleo común

O artigo 13 da LOUPMRG indica, ó respecto das delimitacións de solo de núcleo rural que "a súa delimitación deberá de facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral establece para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie".

No apartado anterior calculouse a capacidade residencial dos núcleos rurais así como o seu grao de consolidación.

Interesa agora analizar as necesidades de crecemento de cara a xustificar a extensión das delimitacións.

O primeiro que habería que indicar a este respecto é que, nun concello carente de planeamento municipal e de delimitacións de solo de núcleo rural, o crecemento do parque de vivendas ven limitado pola ditado pola lexislación urbanística vixente en cada momento. Desta maneira, ese parque de vivendas executadas nun pasado recente pode ser significativamente menor do que se tería levado a cabo nun concello con planeamento.

Para facer unha estimación das necesidades de crecemento dos núcleos do concello é necesario facer unha análise da evolución da vivenda nova. Nun concello sen planeamento urbanístico propio, amparado para a súa ordenación nas Normas Subsidiarias de Planeamento Provincial, é de supoñer que meirande parte da recente edificación foi realizada á marxe do planeamento. Así, para ter unha referencia do parque inmobiliario recente, recórrese ó traballo de campo, estimando que ademais a meirande parte destas novas vivendas foron realizadas nos últimos vinte ou trinta anos.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

09 XAN. 2018

A xefa do servizo de Planificación
Urbanística: II

Lucía Linares Yáñez

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento foi aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plena celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaría do Concello de Frades.

3

Asdo.: Carmen Gómez Otero.



Do traballo de campo realizado obtense a conta seguinte referente ó número de vivendas tradicionais e modernas existentes repartido por parroquias.

	Vivendas Tradicionais	Vivendas Modernas	
Abellá	118	100	84,75%
Aiazo	60	60	100,00%
Añá	53	43	81,13%
Céltigos	46	31	67,39%
Frades	43	21	48,84%
Gafoi	64	70	109,38%
Galegos	42	57	135,71%
Ledoira	51	56	109,80%
Mesos	29	13	44,83%
Moar	96	69	71,88%
Papucín	66	44	66,67%
Vitre	50	47	94,00%
	718	611	85,10%

Da táboa anterior despréndese que existen parroquias que non chegaron a executar tantas novas vivendas como as existentes ata arredor de 1950 e outras que sobrepasan amplamente esa cifra. Esta porcentaxe independente do tamaño das parroquias e responde exclusivamente ó crecemento demográfico e á existencia ou non de vivendas tradicionais que garantisen o realoxo dos novos habitantes que se fan incorporando ás parroquias, fundamentalmente por nacementos, nas épocas de crecemento demográfico.

Así teremos parroquias que sobrepasan o 100%, nas que a delimitación dos núcleos rurais debe atender a esas necesidades de crecemento, e parroquias que se quedan por baixo desta cifra, nas que as delimitacións de solo de núcleo rural deben atender á lóxica do modelo do asentamento poboacional e á necesidade de completar a edificación entre as vivendas xa existentes

Parroquia de Galegos: Ó respecto da táboa anterior é de destacar a parroquia de Galegos cunha porcentaxe de crecemento do 136%.

Esta parroquia que era a segunda máis pequena do concello, por número de vivendas tradicionais, logrou edificar nos últimos 50 anos, un total de 57 vivendas, todo isto nun contexto nos últimos anos, de ausencia de planeamento e total imposibilidade de execución de vivendas. Con estas cifras non resulta difícil de xustificar un crecemento parroquial que como mínimo abarque un 35% da edificabilidade residencial existente a día de hoxe.

Esta cuestión deberá terse en conta á hora de delimitar os núcleos desta parroquia.

Analizada pormenorizadamente a parroquia de Galegos pode observarse claramente que os dous únicos núcleos que de xeito xeralizado poden acoller novas vivendas son o de Vista Alegre e o de Pazo-A Ponte.

Tendo en conta esta cuestión enténdese que no núcleo de Pazo-A Ponte debe considerarse o de principal crecemento da parroquia e debe proxectarse para el unha delimitación que recolla unhas necesidades de crecemento de, canto menos un 30% da edificabilidade residencial existente de cara a consolidar o crecemento

Parroquias de Gafoi e Ledoira: O núcleo de Pontecarreira, vinculado á antiga estrada N-634 medrou e urbanizouse ata alcanzar a categoría tácita de solo urbano. Tamén se executaron nel varias edificacións de vivenda colectiva o que constitúe un feito diferenciador ó respecto do resto dos núcleos do concello.

Este núcleo atópase entre as parroquias de Gafoi e Ledoira, o que fai que análise do crecemento do parque inmobiliario delas estea claramente marcado polo crecemento deste asentamento.

O crecemento deste asentamento fai que non se considere necesario prever grandes crecementos no resto dos núcleos desta parroquia.

Excluídas as parroquias de Galegos, Gafoi e Ledoira, o resto presentan crecementos inferiores ó parque residencial existente en 1950, polo que as delimitacións dos núcleos rurais deben atender, non tanto ás necesidades de crecemento como á lóxica do modelo do asentamento poboacional e á necesidade de completar a edificación entre as vivendas xa existentes.

c) Outras Consideracións

Elimináronse da delimitación de solo de núcleo rural as parcelas afectadas polo novo viario de Fonsá (02.03)

II.4. CUESTIÓNS DOCUMENTAIS

No plano I-14 recolléronse correctamente as estradas provinciais DP-3802 e DP-3801.

Modifícanse os planos do modelo de asentamento poboacional e de ordenación do núcleo das Costas (08.02) para recollelo na súa totalidade.

A parcela do núcleo de Tarrentos adícase a equipamento sociocultural SCL-03 e non a espazo libre local ELL-03, toda vez que este espazo se sitúa en Gandarón.

Modifícanse os artigos 5.4.4., 4.3.3. e 4.3.4. para recoller o indicado na Orde.



Frades, agosto de 2017

Isidro López Yáñez

[Handwritten signature]

Arquitecto do equipo redactor do PXOM

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plena celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 16 de setembro de 2017.
A Secretaria do Concello de Frades.

Asda: Carmen Gómez Otero

